

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á conquirer a absolución dos mozos encausados penalmente en Ourense por defender a educación pública.

Exposición de motivos:

Co gallo do xuízo en Ourense de sete estudantes acusados por defender os seus dereitos cidadáns e o ensino público, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE) denuncia unha vez máis a política do medo e a represión dos Gobernos do Partido Popular, coas que pretende coutar o exercicio dos nosos dereitos de cidadanía galega. A política do odio ao pobo ten como correlato a tentativa de xerar medo nas persoas que saen as rúas a protestar de xeito pacífico.

Esta estratexia que combina odio e medo vese novamente confirmada no proceso xudicial que se desenvolve nos xulgados de Ourense e no que sete estudantes son xulgados por defender os seus dereitos e o ensino público. Significativo é que o goberno impulse unha acción penal contra estudantes. E que mesmo na concentración realizada estes días atrás no seu apoio se volvan a identificar a persoas por simplemente exercer o dereito de reunión e manifestación.

Os incidentes sucederon en outubro do 2012 no marco das mobilizacións estudantis en defensa do ensino público. Mobilización concluída co acto político de imputar pola Fiscalía aos sete estudantes, nunha acción na que participou alumnado a partires dos 14 anos. Unha de tantas protestas en defensa do ensino público.

As condenas que se piden para estes mozos, de ata 5 anos de cárcere evidencian o que tenta o PP: pechar con sancións penais as rúas. A criminalización da protesta cidadá como resposta dun poder enfeudado á violencia neoliberal.

O Grupo Parlamentar da AGE achega a seguinte Proposición de lei para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a que se dirixa ás autoridades competentes para reclamar a retirada das acusacións alomenos por parte da Fiscalía.
- O Parlamento Galego demanda a absolución dos acusados e afirma o dereito da cidadanía galega a dispor dun ensino público, universal e gratuíto, liberado xa da violencia dos recortes austericidas.

Compostela, 20 de febreiro.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 20/02/2015 13:35:48**